

A DAPTACIÓN AO
C AMBIO
n ORMATIVO

**Servizo de Normalización Lingüística
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O ACORDO NORMATIVO

O pasado mes de xullo a Real Academia Galega aprobou as *novas normas do galego*. Estes cambios non son moitos e aínda temos algún tempo para adaptármonos definitivamente a eles, malia isto o SNL propón que se vaian introducindo canto antes nos escritos do contorno da Universidade.

A seguir presentamos varios documentos cos que pretendemos, na medida do posible, explicar e clarificar estas *novas normas* e facilitar o paso cara a elas:

- No primeiro faise unha presentación e explicación das novas normas.
- O segundo pretende ser unha proposta harmonizadora para a utilización nos documentos institucionais da USC. É unha proposta baseada simplemente na escolla na redacción do texto normativo.
- Por último presentamos un documento que pretende facilitar a busca de palabras ou secuencias de texto que sufriron ou poden sufrir algún cambio. Pretende, xa que logo, ser unha ferramenta de reparación textual que permite automatizar certas buscas de interese cos procesadores de texto.

Se estes documentos non fosen claros dabondo ou xurdisen dúbidas ao respecto do cambio normativo ou sobre calquera outro aspecto da nosa lingua, pódense pñer en contacto connosco en:

Área de Asesoramento Lingüístico
Servizo de Normalización Lingüístico
Casa da Balconada
Rúa Nova, 6
15782 Santiago de Compostela
mbermu@usc.es
Ext.: 11327

Documento 1

A EXPLICACIÓN DO ACORDO

O pasado xullo a RAG deu por rematado un longo proceso de negociación para conseguir, por fin, un acordo normativo no que se funden as tendencias normativas socialmente maioritarias en Galicia. É esta, sen dúbida, unha boa noticia para a lingua e para o pobo galego. Como é lóxico, está previsto un período de adaptación en que convivan as dúas *normas*, é dicir, un tempo no que unha e mais a outra sexan perfectamente vixentes de maneira simultánea.

Non obstante, é lóxico pensar que un cambio normativo vai supoñer, por unha parte, un problema para as persoas que fixeran un esforzo de aprendizaxe do anterior texto normativo, e pola outra, para a vixencia dos recursos bibliográficos e dos correctores ortográficos en soporte informático, que aínda non poden estar adaptados á nova norma. Así os correctores ortográficos existentes (*Galgo*, *2mil* e *XP*) van perder efectividade ao daren como erro solucións correctas segundo a nova normativa. A solución circunstancial que propoñemos é ir engadindo esas novas formas ao dicionario particular do corrector. É de supoñer que en novas versións estes cambios xa virán recollidos.

En canto ao esforzo persoal de adaptación, imos ver como os cambios dos que falamos non son nin tantos nin de moito calado e tamén veremos como moitas das opcións normativas aparentemente novas, xa estaban aceptadas nas *antigas normas* e, en moitos casos, o único que se fai é cambiar as preferencias dentro de formas que eran e seguen sendo opcións perfectamente normativas. Xa que logo, imos ver cambios de carácter obrigatorio e outros facultativos e dentro de cada un destes dous grupos –obrigados e opcionais– ímolos dividir en relevantes ou non relevantes, atendendo á frecuencia con que se poden dar nun texto.

Mudanzas máis relevantes obrigatorias

O cambio normativo vai carrexar, loxicamente, cambios nalgunhas palabras, en verdade non son moitas, pero é o contorno da universidade un dos máis afectados, pois dentro das palabras que cambian algunhas son de moito uso entre nós. Así, *reitor* (e *vice-reitor*), *reitorado*, *reitoral*,

reitoría, estudar, estudante, estudo e servizo pasan a ser as únicas formas correctas. Á parte destas, hai que ter especial conta de que formas de moito uso como *sen embargo**, *nembargantes**, *unque** ou *entonces** (tanto como adverbio: *entonces* era o seu noivo*, como conxunción: *se non mo pagas, entonces* es un ladrón*) ata agora normativas, pasan a ser incorrectas e haberá que substituílas por: *non obstante, aínda que* ou *entón*.

Outros cambios de importancia aos que hai que facer referencia son:

Pronomes demostrativos neutro: Elimínanse as formas *esto**, *eso**, *aquelo** como formas do pronome demostrativo neutro e pasan a ser as únicas correctas: *isto, iso e aquilo*.

Grupos cultos CT e CC: Suprímese a primeira consoante –C– destes grupos cultos cando antes vai un I ou un U (*conducción, traducción*), malia manterse o grupo culto nalgúns tecnicismos e palabras cultas (*deíctico, dúctil...*).

Sufixos en –ZO e –ZA: Ampliáse a relación de voces con –zo, –za: *diferenza, espazo, estanza* (“estrofa”), *graza, licenza, nacenza, novizo, perseveranza, presenza, querenza, sentenza, terzo* e, a xa indicada, *servizo*.

Sufixos en –ÁN/–A, –ANO/–ANA: Acomódase ao esquema –an/–á as seguintes formas: *afgán, alazán, alemán, barregán, bosquimán, capitán, catalán, ermitán, escribán, gardián, musulmán, rufián, sancristán, sultán e truán*.

Sufixos en –ÓN/ –ONA: O esquema –on/–ona queda reservado para formacións aumentativas (*homón, mullerona*) ou palabras que veñen de verbos e teñen sentido pexorativo: *abusón, abusona*). Nos demais casos, o esquema é –on/–oa: *león, leoa; anfitrión, anfitríoa*, etc.).

Acentuación: Limítase a acentuación de interrogativos que introducen interrogativas indirectas a aqueles casos en que é necesaria para evitar ambigüidades.

Recóllese coma normativa a acentuación esdrúxula na primeira e na segunda persoa de plural dos pretéritos de subxuntivos: *andásemos*,

andásedes. Segundo as anteriores normas estas formas tiñan unha acentuación grave: *andasemos**, *andasedes**.

Mudanzas máis relevantes opcionais

Á parte dos cambios de obrigado cumprimento vistos anteriormente, hai outros que malia ser de carácter opcional son moi visibles por afectaren a formas moi utilizadas. Cómpre saber o que a norma di sobre eles. Na maioría dos casos que imos citar neste apartado a redacción normativa dá como preferible unha forma sobre outra, pero debe quedar claro que todas son perfectamente válidas, polo que o uso dunha ou doutra non deben ser valoradas como *menos* normativas.

A segunda forma do artigo: a segunda forma do artigo (*-lo, -la, -los, -las*) pasa a ser obrigatoria só despois da preposición *por* e do adverbio *u* (*Vou polo monte, ¿u-los nenos?*). No resto dos casos é facultativa, é dicir, opcional. Polo tanto, teríamos dúas posibilidades gráficas co mesmo nivel de aceptación normativa, a pesar de que o texto normativo só a emprega cando é obrigatoria, pero só unha pronuncia posible.

AO e Ó: Na contracción da preposición *a* e o artigo *o* existen, coma antes, dúas posibilidades: *ao* e *ó*. No texto de 1995 aconsellábase como preferente *ó*, malia que *ao* se consideraba como correcta. Na revisión que se fai agora non se fai relación a esa preferencia e agora é *ao* a forma escollida na redacción do texto normativo, o que non quere dicir que *ó* sexa unha forma fóra da normativa. Aínda que a escolla na escrita sexa *ao* a súa única lectura é como o aberto e non como [ao].

Sufixación *-BLE/-BEL*: Na revisión que se fai na actualidade admítese plenamente a terminación *-bel* (*amábel, amábeis*). Na redacción de 1995 dicíase: “pódese utilizar [*-bel, -beis*] (...) aínda que (...) non pareza recomendable”. De todos os xeitos, na redacción do texto das normas escóllese a terminación *-ble*.

Hai que ter en conta que a escolla en *-bel/-beis* afecta á acentuación da palabra. Así *amable/amables* non leva til e *amábel/amábeis* si. No primeiro caso *-amábel-* por cumprir a regra xeral de acentuación das palabras graves. *Amábeis* acentúase, a pesar de rematar en *-s*, por ser unha palabra grave con ditongo decrecente na última sílaba [a-má-bEis].

Sufixación –ARÍA/–ERÍA: Nas normas de 1995 dábanse as dúas solucións normativamente ao mesmo nivel. Na súa redacción escolleuse a sufixación moderna –*ería*, en contraposición, na revisión normativa que agora se fai escóllese a tradicional –*aría*. En consecuencia, tanto ten poñer *consellaría*, *libraría* ou *consellería*, *librería*, ambas as posibilidades seguen a ser perfectamente normativas.

Outros cambios de menor entidade pero obrigatorios

Recóllense tamén no novo acordo normativo outros cambios de carácter obrigatorio pero que, pola frecuencia de uso, hai que consideralos menos transcendentales cós vistos no primeiro apartado. A pesar disto, temos que ter en conta que son formas que cambian con respecto á normativa anterior, polo que teremos que telas presentes pois o seu uso será considerado como fóra da normativa oficial cando deixen de convivir as dúas normas. Os cambios son estes:

Numerais cardinais: Sepáranse, e fanse regulares, os numerais entre vinte e trinta: *vinte e un*, *vinte e unha*, *vinte e dous*, *vinte e dúas*... Na norma de 1995 estes numerais cardinais estaban aglutinados: *vinteún**, *vinteúnha**...

Multiplicativos: Elimínanse *triple* e *cuádruple*, polo que quedan como únicas formas *triplo*, *tripla*, *cuádruplo* e *cuádrupla*.

Forma de adverbios e locucións adverbiais: aglutínanse, antes ían separados, os seguintes adverbios de tempo (*acotío*, *decontado*, *decontino*, *decotío*, *deseguida*, *deseguido*, *enseguida*); de cantidade (*apenas*); de modo (*amodo*, *devagar*); de dúbida (*talvez*)

Elimínanse na relación de adverbios *alomenos**, que hai que substituír por *polo menos* ou *tan sequera*.

Outros cambios que salientar

Os signos de interrogación e admiración: O seu emprego é obrigatorio ao remate do enunciado. Pódese poñer tamén ao principio para evitar ambigüidades. Na redacción da norma de 1995 dicíase que “...deben situarse ó comezo... e ó final do texto afectado”.

Cuxo: Admítese o relativo posesivo *cuxo* con flexión de xénero e número (*cuxa, cuxos, cuxas*). Ou sexa, a partir de agora poderemos poñer: *Teño un fillo cuxa muller é vicerreitora*.

Contraccións coa conxunción comparativa *ca*: Agora admítese a dobre representación para o encontro da conxunción comparativa *ca* co artigo determinado: *ca o* –opción que se escolle na actual redacción normativa– ou *có* coas súas correspondentes flexións de xénero e número. É dicir, pódese escribir de dous xeitos: *o teu pelo é máis longo có meu* ou *o teu pelo é máis longo ca o meu*.

Hai que salientar, por último, que se engade a forma *ouvir* que convive con *oír*. Tamén na listaxe de adverbios inclúense *alén* (‘máis alá, do outro lado’) e *aquén* (‘máis acá, desta parte’). Por outra banda, auméntase a lista de preposición e locucións prepositivas con: *a respecto de, alén de, após* (‘despois de, atrás de’), *aquén de, até, canto a*.

Engádense *chapeu, romeu* e *xubileu* á relación de palabras en –eu. *Bacallau* e *pau* ás rematadas en –au; *ímpeto* e *tribo* á relación de palabras en –o e puberdade ás rematadas en –dade.

É tamén para destacar, pola súa frecuencia de uso, a consideración de *sen embargo** como incorrecto.

Documento 2

PROPOSTA DE HARMONIZACIÓN NORMATIVA PARA OS ESCRITOS INSTITUCIONAIS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

No contorno da Universidade, como en calquera outra institución ou organización, hai escritos que teñen un carácter institucional e outros, pola contra, son de tipo persoal. A liña entre uns e outros ás veces non é doada de marcar pero semella claro que determinados documentos, malia ser feitos loxicamente por persoas, teñen unha autoría corporativa, por estar por detrás a organización: cartelaría, documentación de matrícula, etc. Outros, non obstante, poden ser escritos no contorno da USC pero predomina neles a persoa que os escribe por riba da institución; falamos de cartas, informes persoais, etc.

Nos documentos institucionais cómpre, á parte da corrección, certa harmonización dentro das opcións normativas. Baixo o epígrafe “proponse” van recollidas as propostas do SNL para os escritos con carácter institucional. Ao mesmo tempo, tamén se recordan cambios que pasan a ser a única opción válida que nestes escritos deberan ser postos en práctica desde este momento.

Proponse:

- Empregar *ao* no lugar da contracción *ó*.
- Usar a segunda forma do artigo só coa preposición *por* e o adverbio *u*.
- Usar o sufixo –ARÍA: *consellaría, libraría*.
- Usar a sufixación –BLE: *amable, perceptible, admirable*.
- Utilizar os signos de interrogación e de admiración ao remate da frase: *Queres vir mercar un libro á libraría?*
- Representar o encontro da conxunción comparativa *ca* co artigo determinado (o, a, os, as) sen contraer: *es máis ca o teu irmán*.

Debemos lembrar:

- Terminan en –zo, –za: *diferenza, espazo, estanza* (estrofa), *graza, licenza, nacenza, novizo, perseveranza, presenza, sentenza, servizo* e *terzo*.
- Empregamos as formas: *estudiante / estudar, puberdade, reitor* (cos seus derivados *reitoría, reitoral*) *seita e vogal*.


- Utilizamos as formas: *andásemos* e *andásedes*.
- Utilizaremos *triplo* / *tripla* e *cuadruplo* / *cuadrupla*.
- Terminan en –u: *bacallau, pau, chapeu, romeu, xubileu*.
- Terminan en –o: *tribo* e *ímpeto*.
- Recoñecemos os adverbios *aquén* e *alén*, o relativo *cuxo*, as preposicións e locucións *a respecto de, após, até* e *canto a* e as conxuncións e locucións adversativas *no entanto* e *porén*.

Outros cambios para salientar:


- Empregaremos a acentuación de interrogativos só para introducir interrogativas indirectas que poidan resultar ambiguas.
- Utilizaremos as formas: *acotío, amodo, apenas, decontado, decotío, deseguido, devagar, enseguida, talvez*.
- Desbotaremos as conxuncións: *entonces**, *aque**, *nembargantes** e *sen embargo**.
- Empregaremos os numerais: *vinte e un, vinte e dous, vinte e dúas,...*
- Empregar unicamente as formas: *isto, iso, aquilo*.
- Suprimir a primeira letra nos grupos consonánticos *cc* e *ct*, cando antes vai un u ou un i (*produto, conflito* pero *obxectivo*).

Documento 3

A táboa de máis abaixo pretende ser un axuda para a “renormativización” de textos. A seguir, presentamos un esquema explicativo de como traballar con ela.



Coa ferramenta de Word *substituír* (control + L) pódense atopar as secuencias de texto dunha columna e substituílas pola proposta da outra.



ACENTUACIÓN		
Limítase a acentuación nas interrogativas indirectas unicamente aos casos en que hai anfiboloxía: dime qué queres/dime que queres		+
qué _cándo_ _cánto(s)_/_cánta(s)_ _cál(es)_	_que_ _cando_ _canto(s)_/_canta(s)_ _cal(es)_	
Faise normativa a acentuación proparoxítona –esdrúxula– no pretérito de subxuntivo das P4 e na P5		+–
?asemos_ ?asedes_ ?esemos_ ?esedes_ ?isemos_ ?isedes_	?áseamos_ ?ásedes_ ?éseamos_ ?ésedes_ ?íseamos_ ?ísedes_	
GUIÓN E 2ª FORMA DO ARTIGO		
Aínda que a utilización da 2ª forma de artigo segue sendo facultativa, as novas normas están redactadas utilizándoa só nos casos obrigatorios: co adverbio <i>u</i> (¿u-lo can?) e coa preposición <i>por</i> (vou polo monte)		+
tralo(s)/_trala(s)_ _ámbolos/_ámbalas_ _entrámbolos/_entrámbalas_ _tódolos/_tódalas_	_tras_ o(s)_/_tras_ a(s)_ _ambos_ os_/_ambas_ as_ _entrambos_ os_/_entrambas_ as_ _todos_ os_/_todas_ as_	
–lo(s)_ –la(s)_	s_ o(s)_ s_ a(s)_	r_ o(s)_ r_ a(s)_
Ollo: estes cambios supoñen ás veces cambios na acentuación da <i>palabra</i> : cóme–la carne/comes a carne		

GRUPOS CONSONÁNTICOS cc / ct		+
Suprímese a primeira consoante do grupo cando van antes as vogais “i” e “u”		
?icc?	?ic?	
?ict?	?it?	
?ucc?	?uc?	
?uct?	?ut?	
SUFIXACIÓN –ÁN/–Á; –ONA/–OA		+-
?ana(s)_	?á(s)_	
?ona(s)_	?oa(s)_	
SUFIXACIÓN –ZO/ZA		+
?cio(s)_	?zo(s)_	
?cia(s)_	?za(s)_	
SUFIXACIÓN –ARÍA		+
Dáselle preferencia á forma tradicional en –ARÍA		
?ería(s)_	?aría(s)_	
SUFIXACIÓN –BLE		+
Póñense no mesmo nivel de aceptación a terminación –BLE e a –BEL. Hai que ter en conta que un cambio nesta sufixación supón a acentuación ou non da palabra: amábeis/amables; amábel/amable		
?ble(s)_	?bel(s)_	
CONTRACCIÓNS AO		+
O encontro da preposición a co artigo o pódese grafar como AO ou como Ó. Na redacción das normas escóllese ao		
ó(s)	_ao(s)_	
PRONOMES DEMOSTRATIVOS ISTO/ISO/AQUILO		+
Elimínanse esto, eso, aquilo como formas neutras		
esto	_isto_	
eso	_iso_	
aquelo	_aquilo_	

ADVERBIOS		+-
_a_cotío_ _a_modos_ _de_contado_ _de_contino_ _de_cotío_ _de_seguida_ _de_seguido_ _de_vagar_ _en_seguida_ _tal_vez_	_acotío_ _amodo_ _decontado_ _decontino_ _decotío_ _deseguida_ _deseguido_ _devagar_ _enseguida_ _talvez_	
ADVERBIOS 2		+-
alomenos _entonces_	_polo_menos_ _entón_	
CONXUNCIÓNS E LOCUCIÓNS		+-
aunque _sen_embargo_ _nembargante(s) _entonces_	_aínda que _non obstante_ _entón_	
CONXUNCIÓNS E LOCUCIÓNS 2		+-
a penas _de contado que_ _de seguida que_	_apenas_ _decontado que_ _deseguida que_	
LÉXICO		+-
rector(es), rectora(s) rectorado, rectoral vicerrector(es)/vicerrectora(s) secta(s) estudiar/estudiante(s) servicio(s)	reitor(es), reitora(s), rectorado, reitoral vicerreitor(es)/vicerreitora(s) seita(s) estudar/estudiante servizo(s)	

